

Resolución do 12 de novembro de 2021 da Dirección xeral da Academia Galega de Seguridade Pública de convocatoria á elección de praza proceso selectivo para o acceso e ingreso nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quenda de concurso

De conformidade co establecido na base 10 da Orde de 8 de xullo de 2020 (DOG núm. 137, del 10 de xullo de 2020)

RESOLVO

Primeiro.: Convocar as persoas que se presentaron a este proceso selectivo e pola orde que se relaciona no anexo I desta resolución de acordo coas prazas convocadas (anexo II), e tendo en conta o anexo da resolución do 11 de novembro de 2021 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso e ingreso nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quenda de acceso libre e concurso, publicada na páxina Web da AGASP, á reunión presencial para elixir praza por rigorosa orde da puntuación obtida neste proceso selectivo que terá **lugar o día 19 de novembro de 2021 as 10:30 horas na sala de conferencias da AGASP.**

As persoas aspirantes deberán acudir ao acto de elección de praza previstas do DNI ou outro documento que acredite fidedignamente a súa identidade, no suposto de non comparecer persoalmente poderán ser representadas por terceiras persoas con poder notarial suficiente.

A concorrencia por parte das persoas aprobadas a esta reunión é obrigatoria nos mesmos termos e coas mesmas excepcións que se aplican á obriga de acudir ás probas das oposicións consonte o artigo 12 do Decreto 243/2008. Ás persoas convocadas que, estando obrigadas, non comparezan persoalmente ou por medio de representante seranlles adxudicadas as prazas que lles correspondan segundo a puntuación obtida no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adxudicación daquelas ás persoas aprobadas presentes ou representadas, entre as que quedasen sen adxudicar.

A Agasp notificaralle esta proposta aos concellos interesados no prazo de 5 días dende a súa



publicación para que eleven a definitiva tal proposta e se proceda ao seu nomeamento como funcionarios de carreira no corpo de Policía Local correspondente.

Segundo.: Esta resolución, segundo o indicado no artigo 17 da Lai 1/2017, de 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, esgota a vía administrativa e poderá ser obxecto de recurso de reposición ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso – administrativa.

A Estrada, 12 de novembro de 2021

Santiago Villanueva Álvarez

Director xeral da Agasp

